

RESOLUCIÓN do 19 de xaneiro do 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros que participarán no programa Atrévete durante o curso 2022/2023.

A formación debe contribuír á creación dunha cultura emprendedora, empezando polas idades máis temperás, traballando entre o alumnado as habilidades persoais que constitúen a base do emprendemento como son a creatividade, a iniciativa, a responsabilidade, a capacidade de afrontar riscos e a autonomía persoal.

O Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia, *eduemprende*, posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende sensibilizar a toda a comunidade educativa cara a favorecer a introdución do espírito emprendedor no alumnado, proporcionando os medios e instrumentos necesarios para conseguilo.

Entre as accións incluídas no plan *eduemprende* atópase o programa Atrévete, enmarcado dentro dos convenios de colaboración establecidos entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e diferentes asociacións e grupos empresariais para o desenvolvemento do espírito emprendedor no alumnado. Os obxectivos deste programa son:

- Promover as competencias persoais e sociais, relacionadas co emprendemento, que fomenten un espírito crítico, proactivo e colaborativo entre o alumnado.
- Dar a coñecer ao alumnado o tecido industrial da súa contorna e as empresas das diferentes asociacións colaboradoras.
- Dar a coñecer ao alumnado os centros punteiros e de referencia na Formación Profesional, así como as saídas profesionais das ensinanzas impartidas nos mesmos.

Por todo o exposto anteriormente e coa finalidade de seguir avanzando na promoción da cultura emprendedora, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Convocar o procedemento de selección de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a súa participación Programa Atrévete durante o curso 2022/2023.

Segundo. Actividades do Programa Atrévete

O programa Atrévete consiste nunha serie de visitas a centros educativos de Formación Profesional e empresas pertencentes a distintas asociacións empresariais da nosa comunidade, nas que se desenvolveran diversas actividades de fomento do espírito emprendedor do alumnado.

Estas actividades serán de dous tipos en función do alumnado participante:

A. Actividades de fomento do emprendemento para Educación Primaria.

Desenvolveranse nun dos seguintes centros de Formación Profesional:

- CIFP A Farixa (Ourense)
- CIFP Carlos Oroza (Pontevedra)
- CIFP Coroso (Ribeira)



- CIFP Fermín Bouza Brey (Vilagarcía de Arousa)
- CIFP Ferrolterra (Ferrol)
- CIFP Manuel Antonio (Vigo)
- CIFP Politécnico de Lugo (Lugo)
- CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela)
- CIFP Someso (A Coruña)
- IES Plurilingüe Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez)
- IES Lois Peña Novo (Vilalba)

Os centros serán asignados en función da área de influencia dos mesmos. O programa de actividades detállase no Anexo II desta resolución.

B. Actividades de fomento do emprendemento para Educación Secundaria.

Realizaranse nunha das empresas das seguintes asociacións empresariais:

- Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo (A Coruña)
- Asociación de Empresarios Ferrolterra (Ferrol)
- Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela)
- Asociación de Empresarios de Riveira (Ribeira)
- Asociación de Empresarios Seara (As Pontes de García Rodríguez)
- Confederación de Empresarios de Lugo/Fundación CEL (Lugo)
- Asociación de Empresarios Sete Pontes (Vilalba)
- Asociación de Empresarios Polígono San Cibrao (San Cibrao)
- Círculo de Empresarios de Galicia (Pontevedra)
- Asociación de Jóvenes Empresarios de Pontevedra (Pontevedra)

Estas serán asignadas en función da área de influencia das mesmas. O programa de actividades detállase no Anexo II desta resolución.

CONCURSO "ATRÉVETE A TER UNHA IDEA"

O alumnado deste programa poderá participar ademais no concurso "Atrévete a ter unha idea" no que se premiarán as mellores iniciativas emprendedoras e ideas de negocio, co fin de fomentar o espírito e emprendedor e a innovación entre os máis novos.

A presentación de ideas farase en formato audiovisual, cunha duración máxima de 2 minutos, e seguirá o seguinte guión:

1. Título da idea.
2. Orixe e descrición da idea (como xurdiu, como se detectou a oportunidade de negocio, se é unha idea innovadora, a quen se dirixe, que demandas resolve, proposta de valor, en que se diferencia doutras ideas que xa hai no mercado, etc.).
3. Clientes potenciais (tipo, número estimado de clientes e como chegar a eles).
4. Competencia (competidores que existen no mercado, vantaxes do produto/servizo ofrecido e cales serían os seus produtos alternativos).
5. Posta en marcha da idea (descrición do necesario para poñela en marcha, pasos a seguir para a súa saída ao mercado, inversión necesaria e vías de financiamento).

A idea de negocio en formato audiovisual, xunto co Anexo IV, entregárase seguindo as instrucións que serán remitidas aos centros participantes antes do 5 de maio do 2023.



Haberá catro modalidades de participación – individual educación primaria, individual educación secundaria, grupal educación primaria e grupal educación secundaria – e serán premiadas as 3 mellores ideas de cada modalidade.

Os premios son os que se indican na táboa seguinte:

Modalidade	Premio
Premio individual Educación Primaria	Dispositivo dixital
Premio individual Educación Secundaria	Dispositivo dixital
Premio grupal Educación Primaria	Experiencia de multiaventura para o grupo
Premio grupal Educación Secundaria	Experiencia de multiaventura para o grupo

Para a valoración crearase unha comisión composta por tres persoas da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Productivo, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou asesor/a técnico/a docente. Unha delas actuará como presidente/a da comisión e outra como secretario/a.

A valoración axustarase aos seguintes criterios:

- Orixinalidade da idea (Máximo 4 puntos).
- Adecuación ao guión facilitado (Máximo 3 puntos).
- Presentación da mesma (Máximo 3 puntos).

Terceiro. Temporalización

As actividades do programa levaranse a cabo de febreiro a maio de 2023, nas datas e horarios que se indican nos anexos II e III desta resolución.

Cuarto. Destinatarios

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Quinto. Proceso de solicitude e prazo de presentación

Para participar neste programa o centro educativo deberá cubrir e presentar a instancia de solicitude (Anexo I), xunto cunha proposta de traballo de fomento do emprendemento. Esta proposta deberá especificar recursos a empregar, actividades a desenvolver e planificación das mesmas ao longo do curso. Cada centro educativo poderá presentar unha única solicitude.

As solicitudes enviaranse desde a conta de correo corporativa do centro a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal indicando como asunto "Solicitude programa Atrévete 2022-2023".



O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Sexto. Selección dos centros.

Axudicarase unha visita por centro e o número máximo de alumnos/as será de 30 por visita, tanto para Educación Primaria como para Educación Secundaria.

No caso de ter máis solicitudes que visitas dispoñibles farase unha selección de centros. Nesta selección valorarase a proposta de traballo presentada en función dos seguintes criterios:

- Actividades propostas para acadar o obxectivo xeral do programa Atrévete (Máximo 5 puntos).
- Recursos empregados (Máximo 3 puntos).
- Temporalización das actividades (Máximo 2 puntos).

Tamén se terá en consideración o número de visitas establecidas para cada entidade ou centro educativo de Formación Profesional e a área de influencia do centro solicitante.

Para esta valoración crearase unha comisión composta por tres persoas da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou asesor/a técnico/a docente. Unha delas actuará como presidente/a da comisión e outra como secretario/a.

Sétimo. Certificación.

Unha vez rematado o programa, e antes do 26 de xuño do 2023, deberá remitirse unha memoria, a través do espazo de coordinación habilitado en PLATEGA, que recollerá as actividades desenvolvidas durante o mesmo e un resumo da visita realizada.

O traballo desenvolvido polo docente coordinador deste programa será recoñecido como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado. Para este recoñecemento, será necesaria a valoración positiva da memoria presentada e unha certificación da dirección do centro educativo na que figure o nome do docente coordinador do programa e as funcións realizadas por este.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández
A Directora Xeral de Formación Profesional

